



Concello de Oza-Cesuras

BASES REGULADORAS DA 1ª CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS ÁS COMUNIDADES DE BENS, SOCIEDADES CIVÍS E PERSOAS FÍSICAS AUTÓNOMAS CON LOCAIS E ESTABLECEMENTOS MINORISTAS EN ACTIVO CON ACTIVIDADES COMERCIAIS E/OU ACTIVIDADE DE HOSTELERÍA E RESTAURACIÓN RADICADOS NO TERMO MUNICIPAL DE OZA-CESURAS QUE SE VIRON OBRIGADOS/AS Á SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO DOS MESMOS COMO MEDIDA DE CONTENCIÓN ESTABLECIDA NO REAL DECRETO 463/2020, DE 14 DE MARZO, POLO QUE SE DECLARA O ESTADO DE ALARMA PARA A XESTIÓN DA SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA OCASIONADA POLO COVID-19

As circunstancias extraordinarias provocadas polo brote de coronavirus COVID-19 provoca unha crise sanitaria de enorme magnitude que afectou e segue afectando a un elevado número de cidadáns e familias con consecuencias sanitarias, sociais e económicas excepcionais que requiren a adopción de medidas para axuda a mitigar o impacto causado por este brote pandémico.

Neste sentido, o concello de Oza-Cesuras establece unha axuda económica destinada ao colectivo xeral de comunidades de bens, sociedades civís – das que todos os seus comeneiros ou socios estean empadroados neste concello - e persoas físicas autónomas empadroadas en Oza-Cesuras que ven afectada a súa actividade e, en consecuencia os recuos económicos das súas familias, como consecuencia das medidas de contención no ámbito da actividade comercial e/ou actividades de hostalaría e restauración consistentes na suspensión forzosa e obrigada da apertura ao público dos seus locais e establecementos minoristas de conformidade co establecido no Real Decreto 463/2020 , de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a situación de emerxencia sanitaria ocasionada polo coronavirus COVID-19 co obxecto de reforzar o apoio aos autónomos e as súas familias, logrando que reciban a axuda económica necesaria para durante a período do estado de alarma así como no período de “desescalada” e na posterior etapa de recuperación e necesario reforzamento na promoción económica de Oza-Cesuras.

O contido das presentes bases se circunscribe á regulación mínima necesaria para adaptala á realidade do colectivo ao que se dirixe sendo ademáis garantista e protectora en relación á preocupante situación amparada.

- 1ª. Natureza, obxecto e crédito orzamentario.

1. O obxecto das presentes bases é a concesión de **subvencións para as comunidades de bens, sociedades civís – das que a totalidade dos seus comeneiros ou socios estean empadroados no concello de Oza-Cesuras - e persoas físicas autónomas empadroadas neste concello** e que se atopan en dificultades económicas **como consecuencia da suspensión obrigada das actividades comerciais e/ou de hostalaría e restauración nos locais e establecementos minoristas que estivesen aberta e en activo no termo municipal de Oza-Cesuras no momento da entrada en vigor da medida de contención establecida para este tipo de establecementos polo artigo 10.1 do Real Decreto 463/2020 , de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma** para a situación de crise sanitaria ocasionada polo coronavirus COVID-19 e demáis normativa complementaria.





Concello de Oza-Cesuras

2. De conformidade co establecido no artigo 10.1 do RD 463/2020, exceptúanse da dita suspensión obrigatoria os establecementos comerciais minoristas de alimentación, bebidas, produtos e bens de primeira necesidade, establecementos farmacéuticos, sanitarios, centros ou clínicas veterinarias, ópticas e produtos ortopédicos, produtos hixiénicos, prensa e papelería, combustible para a automoción, estancos, equipos tecnolóxicos e de telecomunicacións, alimentos para animais de compañía, comercio por internet, telefónico ou correspondencia, tintorerías, lavanderías e o exercicio profesional da actividade de perruquería a domicilio, polo que ditas actividades non son obxecto da presente convocatoria de axudas económica.

3. As axudas previstas nestas bases financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 241.48000 do vixente orzamento municipal para o execizo 2020 que é o prorrogado de 2019, quedando condicionada a súa efectividade á suficiente dotación presupostaria de 75.000,00 € que o Concello se compromete a consignar na oportuna modificación de crédito con carácter previo á concesión das axudas.

- 2ª.- **Beneficiarios/as, requisitos e xeito de acreditación.**

Poderán ser beneficiarias da subvención as persoas físicas autónomas empadroadas neste concello; as comunidades de bens, as sociedades civís – das que a totalidade dos seus comeneiros ou socios estean empadroados no concello de Oza-Cesuras e sexan autónomos – é dicir, estean dados de alta no réxime especial da Seguridade Social de Traballadores por conta propia ou autónomos – que como consecuencia da declaración do estado de alarma para a situación de crise sanitaria ocasionada polo coronavirus COVID-19 polo Real Decreto 463/2020 se viran na obriga de suspender ou pechar os locais e establecementos minoristas radicados neste termo municipal que estivesen abertos e en activo no momento da declaración do estado de alarma e a pesares de sufrir unha afección negativa na súas actividades comerciais e/ou de hostalaría e restauración continúen en funcionamento e cumpran os seguintes requisitos:

a) Que **a persoa física autónoma e a totalidade dos comeneiros das comunidades de bens e/ou a totalidade dos socios das sociedades civís estivese ou estivesen empadroado/s no concello de Oza-Cesuras** no momento da declaración do estado de alarma, que continuasen empadroados no momento de presentar a solicitude de subvención e que se comprometa a manterse empadroado neste concello durante o período dun ano dende a data de concesión da axuda económica. *(Dito requisito de empadroamento será comprobado de oficio pola Administración municipal.)*

b) Que os beneficiarios **desenvolveran a actividade obxecto de suspensión nun local ou establecemento minorista comercial e/ou de hostalaría e restauración radicado dentro do termo municipal de Oza-Cesuras que estivese activo e en funcionamento** no momento da declaración do estado de alarma, manténdose activa a dita actividade nese local ou establecemento minorista no momento de presentar a solicitude de subvención e que se comprometa a mantelo en dito estado durante o período dun ano dende a data de concesión da axuda económica. *(Dito requisito será declarado responsablemente polo/s solicitante/s na modelo normalizado de solicitude de subvención – Anexo I -)*

c) Que a persoa física autónoma, a comunidade de bens e/ou a sociedades civís solicitantes **figuren de alta no censo do Imposto de Actividades Económicas do concello de Oza-Cesuras nos epígrafes correspondentes ás actividades comerciais e/ou de hostalaría e restauración obxecto da presente convocatoria** no momento da declaración do estado de





Concello de Oza-Cesuras

alarma, manténdose a dita situación no momento de presentación da solicitude de subvención e comprometerse a continuar inscrito no IAE deste concello durante o período dun ano dende a data de concesión da axuda económica. *(Dito requisito será declarado responsablemente polo/s solicitante/s no modelo normalizado de solicitude de subvención – Anexo I – e verificado o seu cumprimento pola administración municipal mediante a comprobación no padrón fiscal de IAE ou no listado de exentos do seu pagamento correspondente ao exercicio 2019 será comprobado de oficio pola Administración municipal. **No caso de terse iniciado a actividade no exercizo 2020, deberá achegarse copia da solicitude censal de alta.**)*

d) Que a persoa física, comunidade de bens e/ou sociedade civil solicitante **se encontre ao corrente das obrigas tributarias:**

- Coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e coa Administración Xeral da Seguridade Social. *(Dito requisito será declarado responsablemente polo/s solicitante/s no modelo normalizado de solicitude de subvención – Anexo I -)*

- Co Concello de Oza-Cesuras. *(Dito requisito será comprobado de oficio pola Administración municipal.)*

e) Que a persoa física, comunidade de bens e/ou sociedade civil solicitante **non se atope incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria** previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- 3ª.- **Gastos subvencionables.**

1. A axuda consistirá nunha subvención para o pagamento dos seguintes gastos:

- **Cotas por contingencias comúns á Seguridade Social** da persoa física autónoma así como da totalidade dos comuneiros/as das comunidades de bens e/ou socios das sociedades civís durante o período comprendido entre os meses **de marzo e setembro de 2020 (ambos incluídos).**

- **Importes brutos das nóminas e parte empresarial das cotizacións sociais no período comprendido entre os meses de marzo e setembro de 2020 (ambos incluídos) dos traballadores asalariados** que presten os seus servizos nos locais ou establecementos minoristas comerciais e/ou de hostalaría e restauración radicados no termo municipal de Oza-Cesuras por conta allea a cargo das persoas físicas autónomas, as comunidades de bens e/ou as sociedades civís exerzan as ditas actividades cuxa suspensión resultou obrigada con motivo da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 obxecto da presente convocatoria.

- **Custo dos alugueres dos locais e establecementos minoristas comerciais e/ou de hostalaría e restauración radicados no termo municipal** de Oza-Cesuras durante o período comprendido entre os meses **de marzo e outubro de 2020 (ambos incluídos).**

- **Custos dos consumos** eléctricos, de telefonía, gas, calefacción, combustibles e carburantes, telecomunicacións, abastecemento de auga potable, servizo recollida do lixo, servizo de sumidoiros e saneamento e/ou recollida de pozos negros, así como calquera outro debidamente xustificado que resulte necesario para o exercicio da actividade...**) asociados ás actividades comerciais e/ou de hostalaría e restauración exercidas nos locais e establecementos minoristas comerciais e/ou de hostalaría e restauración radicados no termo municipal de Oza-Cesuras** durante o período comprendido entre os meses **de marzo e outubro de 2020**





Concello de Oza-Cesuras

(ambos incluídos).

- **Custo dos servizos externos necesarios para o desenvolvemento da actividade** (asesoramento fiscal, xurídico, laboral e/ou presentación de declaracións e liquidacións fiscais de devengo periódico).

- **Subministros de produtos adquiridos para a súa comercialización entre os meses de xaneiro e outubro de 2020 (ambos incluídos).**

- **Indemnización mínima de 1.000 euros para gastos de difícil xustificación** coa finalidade para paliar os efectos da obrigada suspensión continuada durante o mantemento da situación do estado de alarma.

2. As subvencións reguladas na presente convocatoria serán compatibles con outros que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar outras administracións públicas ou entres públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos polo artigo 17.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e demais normativa reguladora en materia de subvencións. Neste sentido, non poderán, xunto con outras axudas para a mesma finalidade, superar o 100 % do custo do obxecto subvencionable.

- 4ª.- Concorrencia á subvención e contía máxima da axuda

1. A concesión das subvencións efectuarase en réxime de **concorrencia non competitiva**. A selección das solicitudes beneficiarias que reúnan os requisitos esixidos se levará a cabo en **función da orde de entrada das solicitudes** no rexistro do Concello de Oza-Cesuras e/ou no enderezo de correo electrónico designado ao efecto tendo en conta as circunstancias excepcionais do estado de alarma ata o esgotamento da totalidade do crédito orzamentario.

2. O **importe máximo da subvención por solicitante será de 2.500 euros e o importe mínimo da subvención por solicitante será de 1.000 euros.**

- 5ª.- Presentación de solicitudes, documentación a xuntar e prazo de solicitude.

1. O prazo de presentación de solicitudes de participación permanecerá aberto **dende as 0:00 horas do 9 de abril de 2020 ata as 23:59 horas do 19 de abril de 2020 (ambos inclusive).**

2. As presentes bases de convocatoria xunto cos seus anexos correspondentes aos modelos de solicitude e xustificación serán publicados na páxina web do concello

3. A presentación das solicitudes se realizará por medios electrónicos na sede electrónica do concello de Oza-Cesuras ou, tendo en conta as circunstancias excepcionais do estado de alarma, mediante o seu envío ao enderezo de correo electrónico correo@concellodeozacesuras.es

Para a presentación da solicitude por medios electrónicos, é necesario dispoñer dos certificados electrónicos recoñecidos ou cualificados de sinatura electrónica.

4. A solicitude presentarse no modelo normalizado que figura como anexo I das presentes bases, xunto coa seguinte documentación en copia auténtica (segundo declaración formulada polo





Concello de Oza-Cesuras

propio solicitante) que seguidamente se sinala:

- a) Copia auténtica do DNI, NIE ou NIF da persoa física
- b) CIF e documento de constitución, e no seu caso modificacións, da comunidade de bens e/ou sociedade civil, e poder suficiente para actuar en nome destas dúas últimas en caso de representación.
- c) Declaración responsable, autorizacións e compromisos (*contidos no modelo do anexo I*):

Declaracións responsables:

- Declaración responsable asinada pola persoa física autónoma ou pola totalidade dos comeneiros e socios integrantes das comunidades de bens e sociedades civís de que as actividades comerciais e/ou de hostalaría e restauración se exercía nun local ou establecemento radicado no concello de Oza-Cesuras no momento da declaración do estado de alarma e de que se continúa exercendo na actualidade.
- Declaración responsable asinada pola persoa física autónoma ou pola totalidade dos comeneiros e socios integrantes das comunidades de bens e sociedades civís de que figura de alta no censo do Imposto de Actividades Económicas do Concello de Oza-Cesuras nun epígrafe correspondente a unha actividade comercial e/ou de hostalaría e restauración exercida nun local ou establecemento radicado no concello de Oza-Cesuras no momento da declaración do estado de alarma e de que dita inscrición se mantén na actualidade.
- Declaración responsable de atoparse ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e coa Administración Xeral da Seguridade Social.
- Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Declaración responsable comprensiva do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.

Autorizacións:

- Autorización da persoa física autónoma ou de todos os comeneiros e asociados integrantes das comunidades de bens e sociedades civís para levar a cabo a **consulta relativa ao seu empadramento** no padrón municipal de habitantes deste concello.
- Autorización da persoa física autónoma ou de todos os comeneiros e asociados integrantes das comunidades de bens e sociedades civís para levar a cabo a **consulta relativa á súa inclusión no padrón fiscal de IAE ou no listado de exentos** do seu pagamento correspondente ao exercizo 2019.
- Autorización da persoa física autónoma ou de todos os comeneiros e asociados integrantes das comunidades de bens e sociedades civís ao Concello de Oza-Cesuras para **comprobar que estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais municipais**.

Compromisos:

- Compromiso da persoa física autónoma ou pola totalidade dos comeneiros e socios integrantes das comunidades de bens e sociedades civís **de manterse empadroados no concello de Oza-Cesuras durante o período dun ano dende a data de concesión da axuda económica**.





Concello de Oza-Cesuras

- Compromiso da persoa física autónoma ou pola totalidade dos comeneiros e socios integrantes das comunidades de bens e sociedades civís **de manter a actividade** comercial e/ou de hostalaría e de restauración afectada pola suspensión obrigatoria imposta polo RD 463/2020, de 14 de marzo, como consecuencia da declaración do estado de alarma nun local ou establecemento radicado no concello de Oza-Cesuras no momento da declaración do estado de alarma **durante o período dun ano dende a data de concesión da axuda económica.**

- Compromiso da persoa física autónoma ou pola totalidade dos comeneiros e socios integrantes das comunidades de bens e sociedades civís **de manter a inscrición no censo de IAE deste concello** da actividade comercial e/ou de hostalaría e de restauración afectada pola suspensión obrigatoria imposta polo RD 463/2020, de 14 de marzo, como consecuencia da declaración do estado de alarma nun local ou establecemento radicado no concello de Oza-Cesuras no momento da declaración do estado de alarma **durante o período dun ano dende a data de concesión da axuda económica.**

- **Compromiso da persoa física autónoma ou pola totalidade dos comeneiros e socios integrantes das comunidades de bens e sociedades civís de** comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, a partir da data desta declaración.

c) Designación de conta bancaria (*contida no modelo do anexo I*).

d) Declaración dos traballadores por conta allea que prestaban servizos á persoa física autónoma, comunidades de bens ou sociedades civil no momento da declaración do estado de alarma con indicación de que continúan contratados no momento da solicitude de subvención (*contida no modelo do anexo I*)

e) **No caso de terse iniciado a actividade** comercial e/ou de hostalaría e de restauración afectada pola suspensión obrigatoria imposta polo RD 463/2020, de 14 de marzo, como consecuencia da declaración do estado de alarma nun local ou establecemento radicado no concello de Oza-Cesuras **no exercizo 2020**, deberá achegarse **copia auténtica da solicitude censal de alta no IAE.**

5. Non se poderá presentar máis dunha solicitude de subvención por cada solicitante (persoa física, comeneiro de comunidade de bens ou socio de sociedade civil), por tanto, no suposto de que unha persoa física presente unha solicitude como autónomo e outra como integrante dunha comunidade de bens ou sociedade civil se entenderá por presentada só unha delas.

- 6ª.- Procedemento de concesión, instrución e tramitación da axuda:

1. O procedemento de tramitación e concesións das axudas solicitadas ao abeiro desta convocatoria axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e, polo tanto, non ten a consideración de concorrencia competitiva, senón que a concesión da axuda realizarase pola comprobación do cumprimento polos solicitantes dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. A instrución do procedemento levarase a cabo pola comisión de verificación do Concello de Oza-Cesuras, que realizarán as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a





Concello de Oza-Cesuras

comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución, e que estará composta polos seguintes membros:

D. Pablo Vidal Ferreiro, funcionario do concello de Oza-Cesuras..

D^a. Sandra Sanchez Nuñez, educadora familiar do concello de Oza-Cesuras.

D^a. Carmen Pilar Barreiro Varela, concelleira de Oza-Cesuras.

3. Se resultase que a documentación está incompleta ou é defectuosa, requiriráselle ao solicitante para que no prazo de dez días a partir do día seguinte á data de notificación, achegue a documentación necesaria ou corrixa os defectos observados, facéndolle saber que, no caso de incumprimento, entenderase que desiste da súa solicitude.

4. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Nembargantes, tendo en conta as excepciónais circunstancias do presente estado de alarma, as notificacións serán practicadas no correo electrónico designado polo solicitante naqueles casos nos que para a solicitude da subvencións se recibisen por esta vía de comunicación.

- 6^a- Resolución:

1. A resolución se motivará de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención pola verificación da concorrencia nos solicitantes dos requisitos establecidos nestas bases, ata o esgotamento do crédito orzamentario.

2. A resolución, incluírá a concesión da subvención ao solicitante ou, no seu caso, de xeito expreso, a desestimación das que non reúnan os requisitos ou agotasen o crédito orzamentario, seguindo a orde rigurosa de presentación.

3. A resolución do procedemento, que pon fin á vía administrativa, se ditará e notificará no prazo máximo de tres meses dende a data de publicación desta convocatoria, e indicará os recursos procedentes contra a mesma, así como o órgano ante o que interpoñelos, no seu caso.

4. O vencemento do prazo máximo sen notificar a resolución lexítima aos interesados a entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude.

- 7.- Pagamento da subvención

1. Dada a natureza das subvencións e dada a situación financeira dos beneficiarios, **realizarase un pago anticipado do 80% do importe concedido** mediante transferencia bancaria á conta indicada polo beneficiario na solicitude, como financiamento necesario para poder acadar a finalidade prevista inherente á subvención

2. **O 20% restante**, no seu caso, farase efectivo **unha vez xustificada a subvención**.

- 8.- Xustificación da subvención. Prazo de presentación e forma da conta xustificativa

1. O prazo para presentar a xustificación da subvención comenará a contar dende o día seguinte á notificación da concesión da subvención, e **rematará o 1 de novembro de 2020**.





Concello de Oza-Cesuras

2. Será requisito para o cobramento, acreditar a realización dos gastos e pagos subvencionados, sen prexuízo das actividades de comprobación por parte do Concello e dos órganos de control financeiro.

3. A xustificación da subvención por parte do beneficiario realizarase mediante a presentación do documento denominado conta xustificativa, conforme ao modelo anexo II das presentes bases, correspondentes aos gastos e pagos realizados, e incluírá a seguinte documentación:

a) Unha relación dos gastos realizados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, concepto e data de emisión.

Con esta relación achegaranse copias das facturas, boletíns de cotizacións, nóminas e/ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporadas na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior así como xustificantes de pagamento dos mesmos.

b) Unha relación, no seu caso, dos outros ingresos ou subvencións que financiara a actividade subvencionada, coa indicación do seu importe e procedencia.

c) No seu caso, xustificante de pagamento de reintegro, no suposto de remanente non aplicado.

4. Á vista da documentación xustificativa presentada pola persoa física autónoma beneficiaria, emitírase un informe acreditativo da realización da actividade e do cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención.

Unha vez emitido este informe, as actuacións relativas á xustificación da subvención serán remitidas á secretaría-intervención municipal, para a súa fiscalización.

5. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención nos termos establecidos ou a xustificación insuficiente da mesma, levará consigo a perda ao dereito de percepción da subvención que se formalizará en resolución dictada polo órgano concedente, declarando a revogación do acto de concesión.

- 9. Incumprimentos e reintegros

1. O incumprimento de calquera das condicións impostas con motivo da concesión da subvención ou o seu cumprimento extemporáneo, serán causa de perda total do dereito e de reintegro.

2. A perda do dereito formalizarase en resolución dictada pola Alcaldía, declarando a revogación do acto de concesión.

3. O cumprimento parcial das condicións ou a realización no prazo de so unha parte da actividade, sempre que quede acreditada a actuación do beneficiario inequívocamente tendente á satisfacción dos compromisos ou se debera a forza maior, dará lugar ao pagamento parcial da subvención, ou, no seu caso, ao reintegro parcial aplicando a proporción en que se atope a actividade realizada respecto do total.

4. Se na comprobación ou no control financeiro se puxese de manifesto a falta de pagamento de todos ou parte dos gastos xustificadas, despois de cobrada a subvención, polos respectivos acreedores, se esixirá o reintegro, aplicando o principio de proporcionalidade, para o que se considerará reintegrable a subvención en proporción aos gastos impagados.





Concello de Oza-Cesuras

- 10.- Devolución voluntaria da subvención

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta do Concello de Oza-Cesuras, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, na que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e denominación da subvención concedida.

- 11.- Seguimento e control

Os/as solicitantes da axuda, no suposto de teren a condición de beneficiarios/as e para os efectos das actuacións de control das obrigas asumidas, estarán sometidos ao control, comprobación e inspección do Concello de Oza-Cesuras, que comportará á realización de todas as actuacións que se consideren oportunas para acreditar o cumprimento dos requisitos da axuda e, nomeadamente, para cumprir cos requisitos establecidos na base décimo terceira, así como para a avaliación deste programa. Ademais facilitaránlle á Intervención Municipal, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas toda a información que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

- 12.- Interpretación.

Cálquera dúbida que poida plantexarse da interpretación das presentes bases será resolta pola comisión de verificación.

En Oza-Cesuras, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE,

Asdo. José Pablo González Cacheiro





Concello de Oza-Cesuras

(ANEXO I) SOLICITUDE

AXUDAS ECONÓMICAS ÁS COMUNIDADES DE BENS, SOCIEDADES CIVÍS E PERSOAS FÍSICAS AUTÓNOMAS CON LOCAIS E ESTABLECEMENTOS MINORISTAS EN ACTIVO CON ACTIVIDADES COMERCIAIS E/OU DE HOSTELERÍA E RESTAURACIÓN RADICADOS NO TERMO MUNICIPAL DE OZA-CESURAS QUE SE VIRON OBRIGADOS/AS Á SUSPENDER A APERTURA AO PÚBLICO DOS MESMOS COMO MEDIDA DE CONTENCIÓN ESTABLECIDA NO REAL DECRETO 463/2020, DE 14 DE MARZO, POLO QUE SE DECLARA O ESTADO DE ALARMA PARA A XESTIÓN DA SITUACIÓN DE CRISE SANITARIA OCASIONADA POLO COVID-19

SOLICITANTE :

Razón social: _____ CIF: _____
Apelidos e nome: _____ DNI/NIE/NIF: _____
Enderezo completo: _____
Teléfono: _____
Enderezo de correo electrónico: _____
Actividade principal (descrición): _____
Epígrafe IAE: _____

DATOS DO/A REPRESENTANTE LEGAL (no seu caso)

Apelidos e nome: _____ DNI/NIE/NIF: _____
Teléfono: _____
Enderezo de correo electrónico: _____

EXPÓN:

Que tivo coñecemento das bases reguladora da 1ª convocatoria para a concesión de axudas económicas ás comunidades de bens, sociedades civís e persoas físicas autónomas con locais e establecementos minoristas en activo con actividade comercial e/ou de hostalaría e restauración radicados no termo municipal de Oza-Cesuras que se viron obrigados a suspender a apertura ao público dos mesmos como medida de contención establecida no RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 a través da publicación na páxina web do concello.

Que reúne os requisitos esixidos na base 2ª das reguladoras da dita convocatoria, polo que, ao obxecto de optar á concesión das citadas axudas

DECLARA RESPONSABLEMENTE :

- Que a actividade _____ (comercial e/ou de hostalaría e restauración) se exercía no local ou establecemento radicado no lugar de _____, parroquia de _____ do concello de Oza-Cesuras no momento da declaración do estado de alarma e de que se continúa exercendo na actualidade.
- Que a persoa física autónoma, a comunidade de bens ou sociedade civil solicitante indicada arriba figura de alta no censo do Imposto de Actividades Económicas do Concello de Oza-Cesuras no epígrafe _____ correspondente á actividade _____ (comercial e ou de hostalaría e restauración) exercida no local ou establecemento radicado no





Concello de Oza-Cesuras

lugar de _____, parroquia de _____ do concello de Oza-Cesuras no momento da declaración do estado de alarma e de que dita inscrición se mantén na actualidade.

- Que a persoa física autónoma, a comunidade de bens ou sociedade civil solicitante indicada arriba se atopa ao corrente nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Consellería de Facenda da Xunta de Galicia e coa Administración Xeral da Seguridade Social.
- Que a persoa física autónoma, a comunidade de bens ou sociedade civil solicitante indicada arriba non está incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria prevista no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que a persoa física autónoma, a comunidade de bens ou sociedade civil solicitante indicada arriba para a mesma finalidade solicitou e/ou obtivo, ou ten pendente de resolución, das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos as seguintes axudas:

Axuda		Ano	Organismo	Importe (€)	Tipo de axuda
Solicitada	Concedida				
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>				

- Que a persoa física autónoma, a comunidade de bens ou sociedade civil solicitante indicada arriba para a mesma finalidade non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións.
- Que os traballadores por conta allea que prestaban servizos á persoa física autónoma, comunidade de bens ou sociedade civil no momento da declaración do estado de alarma con indicación de que continúan contratados no momento da solicitude de subvención eran un total de _____ (indicar número):

Nome e apelidos	Posto de traballo	Xornada

AUTORIZA AO CONCELLO DE OZA-CESURAS:

- A levar a cabo a **consulta relativa ao seu empadramento** no padrón municipal de habitantes deste concello da persoa física autónoma, e das persoas físicas integrantes da comunidade de bens ou sociedade civil .





Concello de Oza-Cesuras

- A levar a cabo a **consulta relativa á súa inclusión da persoa física autónoma, da comunidade de bens ou sociedade civil no padrón fiscal de IAE ou no listado de exentos** do seu pagamento correspondente ao exercizo 2019.
- A levar a cabo a **comprobación que a persoa física autónoma, a comunidade de bens ou sociedade civil estean ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais municipais**.

A persoa física autónoma, a comunidade de bens ou sociedade civil solicitante indicada arriba **COMPROMÉTESE** a :

- Manterse empadroados no concello de Oza-Cesuras durante o período dun ano dende a data de concesión da axuda económica.**
- Manter a actividade de _____** (comercial e/ou de hostalaría e de restauración) afectada pola suspensión obrigatoria imposta polo RD 463/2020, de 14 de marzo, como consecuencia da declaración do estado de alarma nun local ou establecemento radicado no concello de Oza-Cesuras no momento da declaración do estado de alarma **durante o período dun ano dende a data de concesión da axuda económica.**
- Manter a inscrición no censo do IAE deste concello** da actividade de _____ (comercial e/ou de hostalaría e de restauración) afectada pola suspensión obrigatoria imposta polo RD 463/2020, de 14 de marzo, como consecuencia da declaración do estado de alarma nun local ou establecemento radicado no concello de Oza-Cesuras no momento da declaración do estado de alarma **durante o período dun ano dende a data de concesión da axuda económica.**
- Comunicar** inmediatamente **cantas axudas solicite e/ou obteña** para a mesma finalidade doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, a partir da data desta declaración.

E, en base ao exposto, **SOLICITA** se lle conceda a axuda nunha contía de _____ € (máximo 2.500 euros e mínimo 1000 euros) para o pagamento dos seguintes gastos:

- Cotas por contingencias comúns á Seguridade Social** da persoa física autónoma así como da totalidade dos comeneiros/as das comunidades de bens e/ou socios das sociedades civís durante o período comprendido entre os meses **de marzo e setembro de 2020 (ambos incluídos)**.
- Importes brutos das nóminas e parte empresarial das cotizacións sociais no período comprendido entre os meses de marzo e setembro de 2020 (ambos incluídos) dos traballadores asalariados** que presten os seus servizos nos locais ou establecementos minoristas comerciais e/ou de hostalaría e restauración radicados no termo municipal de Oza-Cesuras por conta allea a cargo das persoas físicas autónomas, as comunidades de bens e/ou as sociedades civís exerzan as ditas actividades cuxa suspensión resultou obrigada con motivo da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 obxecto da presente convocatoria.
- Custo dos alugueres dos locais e establecementos minoristas comerciais e/ou de hostalaría e restauración radicados no termo municipal** de Oza-Cesuras durante o período comprendido entre os meses **de marzo e outubro de 2020 (ambos incluídos)**.
- Custos dos consumos** eléctricos, de telefonía, gas, calefacción, combustibles e carburantes,





Concello de Oza-Cesuras

telecomunicacións, abastecemento de auga potable, servizo recollida do lixo, servizo de sumidoiros e saneamento e/ou recollida de pozos negros, así como calquera outro debidamente xustificado que resulte necesario para o exercicio da actividade...) **asociados ás actividades comerciais e/ou de hostalaría e restauración exercidas nos locais e establecementos minoristas comerciais e/ou de hostalaría e restauración radicados no termo municipal de Oza-Cesuras durante o período comprendido entre os meses de marzo e outubro de 2020 (ambos incluídos).**

- Custo dos servizos externos necesarios para o desenvolvemento da actividade** (asesoramento fiscal, xurídico, laboral e/ou presentación de declaracións e liquidacións fiscais de devengo periódico).
- Subministros de produtos adquiridos para a súa comercialización entre os meses de xaneiro e outubro de 2020 (ambos incluídos).**
- Indemnización mínima de 1.000 euros para gastos de difícil xustificación** coa finalidade para paliar os efectos da obrigada suspensión continuada durante o mantemento da situación do estado de alarma.

Para o que, aos efectos do cobramento da subvención, **designa a seguinte conta bancaria da súa titularidade:**

IBAN da conta bancaria (24 díxitos)

Código de país	Código de Control	Código do banco	Código da sucursal	Díxito de control	Número de conta

E, ACHEGA A SEGUINTE DOCUMENTACIÓN:

- Copia auténtica do DNI, NIE ou NIF.
- Copia auténtica do CIF e do documento de constitución, e no seu caso das súas modificacións, da comunidade de bens e/ou sociedade civil, así como poder suficiente para actuar en nome destas dúas últimas en caso de representación.
- Copia auténtica da solicitude censal de alta no IAE presentada no exercizo 2020.

E, en relación coa documentación achegada declara responsablemente que é copia auténtica da orixinal que obra no seu poder e que pode exhibir a mesma en calquera momento a requirimento do Concello de Oza-Cesuras.

Oza-Cesuras, ___ de _____ de 2020

(*)Asdo, _____

(*) A solicitude, as declaracións responsables, as autorizacións e os compromisos deben ser asinadas pola persoa física autónoma así como por todos os integrantes das comunidades de bens ou sociedades civís.





Concello de
OzaCesuras

Concello de Oza-Cesuras

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS



Cod. Validación: 34HMRJ6ETT9CWDWZPN79DK3KJ | Corrección: <https://ozacesuras.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 16



Concello de Oza-Cesuras

b) RELACIÓN DOUTROS INGRESOS OU SUBVENCIONES que financiaron a actividade subvencionada, coa indicación do seu importe e procedencia:

Actividade subvencionada	Importe percibido	Organismo de procedencia

c) No suposto de remanente non aplicado, achegarse **XUSTIFICANTE DE PAGAMENTO DE REINTEGRO**.

Oza-Cesuras, ___ de _____ de 2020

(*)Asdo _____

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OZA-CESURAS

